

Suxestión dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (Augas de Galicia) para que do xeito que considere oportuno e conveniente, en uso das súas competencias, planifique e intensifique as actividades de mantemento e limpeza dos leitos e marxes dos ríos Beelle e Basteiro, retirando pólas caídas en leito e marxes, madeira morta e lixo, efectuando apeo puntual de árbores inclinadas e poda de pólas, así como calquera outra actuación que puidera contribuír a manter as condicións axeitadas cara á previr e minimizar os danos causados por inundacións producidas por fenómenos meteorolóxicos adversos

Expediente: C.8.Q/15713/23

Santiago de Compostela, 21 maio de 2024

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX, referente á falta de actuacións de Augas de Galicia para limpeza das canles nunha parroquia de Neda con asolagamento das propiedades.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data do 21 de novembro do 2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica esencialmente que:

“Mi queja es relativa a las inundaciones que hemos sufrido en Neda la semana pasada. Tengo XX años y he sufrido unas cuantas inundaciones y ningún alcalde ni anterior ni actual se ha preocupado de realizar las oportunas diligencias ante AGUAS DE GALICIA que es la responsable de la limpieza y mantenimiento de los ríos.

Acudo a usted ante la impotencia que sentimos los vecinos de este ayuntamiento, en concreto los de la parroquia de Santa María, ante la poca o ninguna preocupación por arreglar el problema de esta corporación municipal, la cual ya lleva 8 años como máximos responsables de este ayuntamiento.

Ruego a usted interceda ante Aguas de Galicia y nos solucione el problema antes de alguna desgracia personal."

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a Augas de Galicia.

TERCEIRO.- Con data do 22 de abril recíbese nesta institución un informe remitido por dito organismo no que se fai constar literalmente o seguinte:

“A queixa formulada ante a Valedora do Pobo por XXX, ten como obxecto denunciar as inundacións producidas no mes de novembro na parroquia de Santa María, Concello de Neda, así como requirirille a Augas de Galicia que realice as actuacións correspondentes en relación á limpeza e mantemento dos ríos. A respecto do anterior cómpre indicar o seguinte.

Durante o mes de novembro do 2023, a concatenación de varios eventos meteorolóxicos adversos provocou que na madrugada do día 14 de novembro, o caudal de avenida dos ríos Basteiro e Beelle, no Concello de Neda, desbordase, ocasionando inundacións nos predios da contorna destas canles.

Respecto a isto, cómpre indicar que o servizo de conservación fluvial realizou a inspección da zona o día seguinte de dito episodio. Comprobouse que a presión urbanística que se observa nos tramos dos ríos analizados, muros, tramos canalizados, edificacións, infraestruturas existentes, obras de paso, etc., modifica e altera as condicións naturais da canle. A presenza de obras de fábrica, para salvar a canle, están a xerar puntos críticos para o paso do caudal de avenida debido ao estreitamento que provocan. Estas modificacións na sección da canle provocan elevacións da velocidade do caudal de avenida, o que repercute nun maior poder erosivo, así como de puntos de retención de restos que son arrastrados pola avenida. Cómpre sinalar que hai numerosas vivendas e outras edificacións sitas en zonas categorizadas cartograficamente como “*zona inundable con alta probabilidade (T=10 anos)*” de acordo co visor da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, <https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Aguas de Galicia executou, entre os días 2 e 22 do mes de decembro do 2023, tarefas de retirada de árbores e pólas caídas no leito e nas marxes, retirada de madeira morta, apeo puntual de árbores inclinadas e poda de pólas,

roza selectiva e retirada puntual de lixo do dominio público hidráulico, tanto no río Belelle coma no río Basteiro.

Por outra parte, cómpre sinalar que dende Augas de Galicia se ten constancia da problemática dos mencionados ríos Belelle e Basteiro, identificados como Áreas de Risco Potencial e Significativo de Inundación (ARPSI) e que contan cunha delimitación das zonas inundables para diferentes períodos de retorno, no marco da Directiva 2007/60CE relativa a avaliación e xestión do risco de inundación.

No visor IDE da demarcación hidrográfica:

<https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, poden ser consultados os Mapas de Perigosidade e Risco por Inundación, os cales constitúen cartografía oficial, de conformidade con Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables. Esta zona xa foi identificada como Área de Risco Potencial e significativo de inundación no primeiro ciclo de implementación da Directiva 2007/60/CE, o ciclo 2015-2021, se ben dende Augas de Galicia xa se contaba con delimitacións previas das zonas inundables feitas no ano 2008.

Ademais, actualmente estase elaborando un estudio específico desta zona, que ten por obxecto facer un diagnóstico dos mecanismos de inundación e propor medidas concretas para diminuír o risco, dentro do marco das medidas do Plan de Xestión do Risco de Inundación de Galicia Costa e en coherencia co Plan Hidrolóxico de Galicia Costa.

Tras as inundacións acontecidas, Augas de Galicia reuniuse co Concello de Neda o día 18 de decembro de 2023 e cos veciños afectados o día 12 de xaneiro de 2024 e o 15 de marzo do 2024. Nas reunións expuxéronse os resultados da proposta específica de xestión do risco de inundación da área de risco potencial e significativo ES014-CO-14-01-02 - Ríos Belelle e Basteiro, na que actualmente se está a traballar.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (Augas de Galicia) é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O 27 de novembro do 2023, admitida a trámite esta queixa, solicitamos informe ao órgano autonómico competente, que logo de teren efectuado sucesivos requirimentos finalmente incorporouse ao expediente o 22 de abril do ano en curso.

Da análise da información facilitada polo autor da queixa e a Administración implicada que obra incorporada a este expediente despréndense os seguintes feitos:

No informe remitido consta entre outros extremos que “o servizo de conservación fluvial realizou a inspección da zona o día seguinte de dito episodio...” e tamén que “Augas de Galicia executou, entre os días 2 e 22 do mes de decembro do 2023, tarefas de retirada de árbores e pólas caídas no leito e nas marxes, retirada de madeira morta, apeo puntual de árbores inclinadas e poda de pólas, roza selectiva e retirada puntual de lixo do dominio público hidráulico, tanto no río Beelle como no río Basteiro.”

Do contido do informe dedúcese que logo das inundacións de novembro do 2023, adoptáronse diferentes actuacións encamiñadas a minimizar os efectos causados e mesmo indícase que “ está en curso de elaboración un estudo específico da zona para diagnosticar os mecanismos de inundación e propor medidas co fin de reducir o risco, a incluír dentro do Plan de Xestión do Risco de Inundación de Galicia Costa...”

Segunda: Exposta a problemática polo promotor deste expediente de queixa e toda vez que Augas de Galicia coñece as singularidades dos ríos Beelle e Basteiro, ao paso por esa zona de Neda e que están identificados como Áreas de Risco Potencial e Significativo de Inundación, é polo que formularemos unha resolución a fin de que trala implementación de cantas actuacións corresponda practicar pola Administración, se logre evitar episodios como os acontecidos en novembro do 2023 e previamente outros anos, que tantos danos e alarma xeran á veciñanza afectada desa zona da parroquia de Santa María.

Terceira: Do manifestado polo promotor desta queixa e da documentación achegada, dedúcese que a falta de limpeza de marxes e canles deses ríos e arroios puideron contribuír a incrementar tanto os danos materiais sufridos pola inundación como a sensación de alarma entre a veciñanza afectada.

As consecuencias das inundacións as veñen padecendo ano tras ano sen que perciban que se estean a practicar as correspondentes actuacións de prevención por parte da administración competente, neste caso Augas de Galicia.

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (Augas de Galicia) a seguinte **SUXESTIÓN**:

“Que do xeito que considere oportuno e conveniente, en uso das súas competencias, planifique e intensifique as actividades de mantemento e limpeza dos leitos e marxes dos ríos Beelle e Basteiro, retirando pólas caídas en leito e marxes, madeira morta e lixo, efectuando apeo puntual de árbores inclinadas e poda de pólas, así como calquera outra actuación que puidera contribuír a manter as condicións axeitadas cara á previr e minimizar os danos causados por inundacións producidas por fenómenos meteorolóxicos adversos”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo